



Xoán Ramón Alvíte. Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

Canibalismo leiteiro

O sector lácteo ten unha inquietante facilidade para devorarse a si mesmo. Unha estraña sorte de antropofaxia que ameaza con debilitar aínda máis un gremio que, tras un par de anos pasándoo moi mal, lle custa levantar cabeza.

Porque, cando o lóxico en momentos de incerteza como o actual sería pechar filas e remar na mesma dirección, no universo leiteiro cada un adoita facer a guerra pola súa conta. Se, de paso, se pode desprestixiar o rival –que en realidade é colega–, pois faise sen ningún tipo de miramento.

A pouco que se analice o que pasa, resulta evidente que o primeiro problema do sector é o propio sector. Se non, resulta imposible entender determinadas prácticas que, lonxe de beneficiar a alguén, prexudican a todos os que viven de forma directa ou indirecta da produción leiteira. Ocorrénselle multitude de exemplos para soste esta afirmación e, aínda que en moitos é o gandeiro o culpable, nalgúns outros é a propia industria a que tería que facelo mirar.

Por exemplo: ten sentido que unha industria láctea que, ademais, é das que presume da orixe do seu leite e da súa implicación social, aposte pola distribución de bebidas de soia ou améndoas? Evidentemente, non hai ningunha lei que prohiba facelo. Mesmo, desde un ámbito puramente empresarial, podería ter un encaixe. Aínda que non negarán que custa entender que alguén que se dedica a recoller, transformar e vender leite de vaca, con todo o que isto leva, faga autocompetencia vendendo bebidas vexetais coas que, paradoxalmente, nalgúns casos se tenta enganar o consumidor facéndoas pasar por leite.

Non menos grave resulta o que fan outros co que deu en chamarse leite de pastoreo, a última moda da industria láctea, ás veces máis preocupada por ofrecer algo que enganche comercialmente que por obrar con lealdade cara ao conxunto do sector. Vaia por diante que nada hai que reprocharlle a calquera iniciativa que sirva para darlle maior valor engadido á produción ou, en liñas xerais, mellorar a vida do gandeiro, pero, é necesario desprestixiar o resto dos leites para enxalzar as virtudes do leite de pastoreo?

Son convenientes políticas de comunicación excesivamente agresivas cando o que se pretende é proclamar as excelencias dun produto tan específico como fráxil? Escaso favor se lle faría ao leite de pastoreo se á hora de promover o resto das variedades se empezan a cuestionar aspectos como os meses nos que as vacas saen ou non a pastar ou o que varía a forraxe que comen dunhas épocas do ano a outras.

Vaia, que neste tipo de cousas se pode ser infiel sen deixar de ser leal e para tentar vender ben o teu non é necesario desprestixiar o dos demais. A política debe ser a de ampliar o mercado e non a de repartilo e menos aínda usando técnicas que tan pouco axudan o sector no seu conxunto.

O consumo de leite caeu durante o último ano preto dun 4 %, nunha tendencia que se vén repetindo de forma invariable desde finais do século pasado. En apenas vinte anos pasouse de consumir case cen litros por habitante e ano aos escasos ostenta actuais e, o que aínda é peor, non hai nada que convide a pensar que as cifras poidan mellorar a curto e medio prazo.

Os datos deberían facer reflexionar a un sector caníbal ao que lle van ir moi mal as cousas se non consegue, dunha vez por todas, traballar de forma conxunta e coordinada. Das guerras, sobre todo das fratricidas, nunca se conseguiu nada bo. ■

► A POUCO QUE SE ANALICE O QUE PASA, RESULTA EVIDENTE QUE O PRIMEIRO PROBLEMA DO SECTOR É O PROPIO SECTOR